



# Sentir Galicia

VÍCTOR F. FREIXANES

Poucas personalidades influíron tanto na vida cultural e política galega das últimas décadas como Ramón Piñeiro. Igual que a personalidade de Castelao preside e orienta o discurso hexemónico do galeguismo (e do nacionalismo galego) na primeira metade do pasado século, moi principalmente durante a II República e despois dende o exilio, a figura e a personalidade de Ramón Piñeiro (Láncara, 1915-Santiago de Compostela, 1990) é fundamental para comprender a orientación, derivas e reviravoltas da conciencia política e cultural de Galicia na segunda metade dese mesmo período. Con diferenzas de matices e sen pretender establecer absurdas comparanzas, un e outro encarnan simbolicamente a construción e o discurso do proxecto cultural e político do galeguismo en distintas etapas, entendido este termo (*galeguismo*) no seu sentido máis amplo, non excluínte. Un e outro marcan coa súa personalidade o pensamento e a actuación dos seus contemporáneos e, directa ou indirectamente, de varias xeracións.

O termo *galeguismo* aparece de xeito repetido nas páxinas deste número de GRIAL, dedicado á figura do de Láncara. Galeguismo cultural e galeguismo político. Galeguismo que, no caso de Ramón Piñeiro (e esta é unha das orixinalidades do seu discurso) non necesariamente coincide co termo *nacionalismo*, aínda que semellan irmáns, ou moi próximos. Para Piñeiro, galeguismo equivale a un xeito de “lealdade cara ao país”. Nun texto redactado en 1960 e recollido logo no seu libro *Olladas no futuro* (1974), fala de lealdade sentimental, a que a maioría dos galegos senten respecto da súa terra, e de lealdade consciente.

“O amor á terra nativa, ao país de un, é un sentimento natural do home”, escribe daquela. “A identificación co propio pobo, coa comunidade social á que un pertence, é un deber moral de todos os seres humanos. Todos os homes de ben senten amor ao seu país. Todos os seres humanos ben nados son leais ao seu pobo, identifícanse coa comunidade social á que pertencen”.

E mais engade:

“A realización en Galicia dese sentimento de amor á terra e dese deber de identificación co pobo chámase *galeguismo*. A súa raíz é fundamentalmente ética. Polo mesmo, anterior a toda diferenciación de carácter ideolóxico. A nosa solidariedade moral co pobo nace da síntese deses dous sentimentos. Nós *somos* galegos antes e por embaixo de todas as ideas filosóficas, políticas, relixiosas ou estéticas que nos poidan diferenciar”.

◀ Retrato de Ramón Piñeiro,  
por Carlos Maside.


Sentir Galicia. Velaquí unha expresión moi querida para o pensador que homenaxeamos. Sentila de diferentes xeitos. “Se o galeguismo é a lealdade dos galegos a Galicia”, continúa Piñeiro, “esta lealdade véñse manifestando de dúas maneiras: ou puramente sentimental, como ocorre no galeguismo espontáneo, ou plena e total, como ocorre co galeguismo consciente. Se a primeira se converte na segunda, Galicia poderá acadar o nivel histórico do seu tempo”.

O galeguismo é, xa que logo, dende esta perspectiva, un territorio común (mesmo emocional) a todos os galegos, que pode vivirse con diferente intensidade; sentimento ou consciencia, que abrangue un espazo máis amplo ca o termo nacionalismo, expresión ou formulación política dese sentimento. Nas páxinas que seguen aparecerán varias veces estes dous conceptos, analizados dende perspectivas distintas, aínda que cunha unidade que procuramos salienta e que, en certa maneira, é xeracional.

Cando a Real Academia Galega tomou a determinación de dedicar o Día das Letras Galegas ao labrego-filósofo de Láncara, poñía enriba da mesa un debate necesario e útil: a construción da conciencia de Galicia, da súa cultura e da súa identidade política, cuestión á que o autor d’*A linguaxe e as linguas* (1967) dedicou toda a súa vida. Esa construción da conciencia de nós non é unidireccional, senón poliédrica, e obriga a reflexionar sobre ela. O número que nesta ocasión propoñemos é unha primeira achega a ese debate. Abofé que deberá haber outras, que sen dúbida acolleremos tamén nestas páxinas. A contribución de Ramón Piñeiro ao discurso da galeguidade e do galeguismo, tamén da identidade nacional, é rica dabondo como para reducila a media ducia de ensaios.

Somos conscientes de que na selección de autores que aquí propoñemos quedan moitas olladas fóra. O que intentamos nestas páxinas é un primeiro achegamento dende persoas que, dun xeito ou doutro, participaron ou foron receptores do discurso piñeirista (mesmo receptores críticos, que nalgún momento discrepamos ou non concordamos con posturas concretas do pensador). En certa maneira, este número foi concibido dende dentro da actual redacción de GRIAL, revista da que Ramón Piñeiro foi fundador e primeiro director, ao par de Francisco Fernández del Riego. Ambos os dous, xunto con Xaime Isla Couto, foron tamén os animadores do proxecto Galaxia, símbolo daquela maneira nova de ver as cousas, que empeza a expresarse a partir de 1950. Os autores que colaboran neste número están todos eles, xeracional e intelectualmente, instalados nese debate, mais cunha ollada nova —ou iso se pretende— que non exclúe outras, moi especialmente as daqueles que viviron máis estreitamente a relación co noso persoeiro, formados a carón da súa famosa mesa de braseiro, relación que non todos vivimos. Velaí a novidade destas contribucións.

A obra de Ramón Piñeiro non é extensa, mais moi intensa. Tampouco se esgota nestes traballos. Queda fóra a súa concepción da lingua, por exemplo, á que dedicou algunhas páxinas especialmente lúcidas. Tamén a súa contribución á construción ou reconstrución das institucións do galeguismo e da nación en tempos certamente difíciles (“menesterosos”, di Carlos Fernández), aínda que algunhas referencias se fan a este labor: a restauración da Real Academia Galega durante o franquismo; a creación de fundacións da



Polo gabinete da casa da rúa Xelmírez 15 pasaron varias xeracións. Entre estas paredes desenvolveu Piñeiro a meirande parte da súa actividade cultural e política  
Fotografía: Arquivo *El Correo Gallego*

Arriba: recreación que Rodrigo Roel fixo do despacho de Ramón Piñeiro para a exposición itinerante que Galaxia preparou co gallo do Día das Letras Galegas, 2009 ▶

“memoria” como a Fundación Rosalía de Castro, a Fundación Penzol, a Fundación Otero Pedrayo, entre outras; a súa relación cos exiliados; a incorporación do galego á Universidade; o labor inxente (socrático) de formación de xeracións novas, cuxo principal reflexo está na abondosa correspondencia, que constitúe no seu caso un xénero autónomo, extraordinariamente orixinal... De todo haberá ocasión de falar, mesmo reconstruíndo ou recuperando documentos, textos novos ou pouco coñecidos que, sen dúbida, deitarán luz sobre a figura que comentamos.

Se cadra cómpre aínda certa maior perspectiva para valorar axeitadamente a transcendencia da significación do piñeirismo na cultura e na política galegas deste momento, alén de experiencias emocionais concretas, ou de anécdotas máis ou menos representativas. Unha vida tan activa, un pensamento tan independente, non son doados de reducir nunha primeira aproximación.

A achega máis orixinal, e seguramente unha das máis discutibles, de Ramón Piñeiro é a súa visión do galeguismo, ese territorio común ao que faciamos referencia máis arriba: espazo de sensibilidade consciente a prol da identidade de Galicia e da súa cultura, nun tempo histórico moi concreto. Cultura e política son dous conceptos estreitamente unidos, aos que se fai constante referencia nestas páxinas. Cultura como identidade e, ao mesmo tempo, como realización dun proxecto colectivo. Política na medida en que o ser humano é un ser político e as súas actuacións, o seu pensamento, inciden sobre a realidade social e a determinan. Mais ambas as dúas formuladas dende a liberdade de decidir, de opinar, de posicionarse (aquí e agora) no contexto en que se producen e que, no caso de Piñeiro, é un contexto aberto, non excluínte, integrador, seguramente tamén con distintas velocidades ■

